



BarbanTEA nace para visibilizar, apoiar e traballar coas familias e as persoas autistas.

BarbanTEA ten o compromiso de traballar pola xustiza e a inclusión das persoas autistas. Loitamos pola participación en todos os ámbitos da sociedade asegurando que todos e todas teñamos acceso ás ferramentas precisas para exercer os nosos dereitos e liberdades individuais.

OS NOSOS SERVICIOS



★ Asesoramento

Se acabas de recibir o diagnóstico ou aínda non sabes como obtelo, dende BarbanTEA axudáremosche a dar os primeiros pasos e buscar os profesionais máis axeitados.

★ Acompañamento

Se precisas apoio para falar no centro escolar, nas actividades extraescolares, no centro de traballo ou simplemente compartir con alguén todo o proceso e a adaptación, BarbanTEA está aquí para escoitar e guiar.

★ Axuda

Explicarémosche a que axudas tes dereito, onde tramitalas e a documentación precisa.


★ Formación e coñecemento

!Con charlas e formación de profesionais do autismo, testemuños e persoas autistas adultas que fagan caer os mitos.

MITOS E REALIDADES

O transtorno do espectro autista (TEA) é moi amplo en canto a necesidades e características. Non todas as persoas autistas se ven afectadas polos mesmos estímulo nin teñen as mesmas necesidades educativas ou sociais.

MITOS SOBRE O TEA



MITO 1

O autismo é unha enfermidade.

REALIDADE 1

O autismo **NON É UNHA ENFERMIDADE**. É un transtorno do desenvolvemento que acompaña á persoa ao longo da súa vida.

MITO 2

As vacinas causan autismo.

REALIDADE 2

Non existe **NINGÚN TIPO DE RELACIÓN** entre as vacinas e o autismo.

MITO 3

As persoas autistas íllanse e non queren participar.

REALIDADE 3

As persoas autistas **GOZAN DAS RELACIÓNS SOCIAIS** cando se adaptan ao ritmo, intensidade e anticipación que precisan.



Todas as persoas autistas son diferentes.

MITO 4

As persoas autistas non teñen sentimentos ou as súas emocións son planas.

REALIDADE 4

As persoas autistas senten e teñen as **MESMAS EMOCIÓNS** que as demais. Só mostran limitacións para expresalas ou compartilas socialmente.

MITO 5

As persoas autistas non se comunican.

REALIDADE 5

As persoas autistas **PODEN COMUNICARSE EFECTIVAMENTE** cos apoios precisos e, incluso, usar sistemas aumentativos de comunicación.

MITO 6

As persoas autistas son agresivas.

REALIDADE 6

As persoas autistas poden mostrar altos niveis de ansiedade provocados polas dificultades de adaptación a **ENTORNOS COMPLEXOS OU CAÓTICOS**.

POR QUE BARBANTEA?

Porque é unha asociación formada por familias que entenden as túas dúbidas e os teus medos.

En BarbanTEA empatizamos co medo ante o diagnóstico e os problemas familiares e sociais que pode acarrear. Queremos axudarche a vencer eses temores coa nosa experiencia e o noso traballo.

En BarbanTEA atoparás nais e pais con fillos e fillas autistas de diferentes graos, pero tamén adultos autistas e profesionais da investigación.



ONDE ESTAMOS?

BarbanTEA
Centro Social de Boiro
Rúa Manuel María 1, ático.
15930, Boiro, A Coruña.

 621 317 567 (cita previa).

 info@barbantea.org

Fala con nós.

Déixanos unha mensaxe e concertaremos unha cita contigo.



Faite soci@!

Se queres formar parte de BarbanTEA e gozar de todos os nosos servizos, afíliate contactando con nós.



BarbanTEA

ASOCIACION DE TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA DO BARBANZA

O humano
está na
diferenza.